

Construíndo Europa


A organización política dos Estados

Desde hai séculos, os Estados son responsables de tomar as principais decisións políticas. Se ben en boa medida isto segue sendo así, as organizacións internacionais foron gañando relevancia nos últimos anos. A Unión Europea é unha das máis importantes. Lembras algunha nova recente na que España tivera que mudar a súa política por unha decisión da UE? En que aspectos da túa vida pensas que che afecta a pertenza de España á UE?

27 países
e 447 millóns
de cidadáns
e cidadás
compartimos
un espazo,
uns obxectivos
e uns valores
comúns

DENSIDADE DE POBOACIÓN
EN 2020 (hab./km²)

- máis de 200
- de 110 a 200
- de 80 a 110
- manco de 80



Unha comunidade
conectada, protexida...

... e
multilingüe

Aprenderemos a:


- Contrastar con fontes que é o Estado e coñecer cales son as súas funcións e como se goberna.
- Valorar que é a UE e cales son os seus obxectivos e o seu funcionamento.
- Contribuír á cultura mundial analizando o papel que representan as grandes potencias e os países emerxentes e coñecer as súas relacións.
- Analizar unha páxina web institucional.

Acepto o reto!

Como podemos axudar
á UE a cumprir os seus
obxectivos?



Programa Erasmus+



940 000
Estudantes,
educadores
e animadores
socioeducativos
no estranxeiro



3 370 millóns €
Presuposto




111 000
Organizacións
participantes



25 000
Proxectos

**Permitir estudar, facer
prácticas, traballar e xubilarse
en calquera país da UE**



**Ser climaticamente neutra
de aquí ao 2050**



**Protexer a vida humana, os
animais e as plantas,
reducindo a contaminación**



**Contribuír a garantir
unha transición xusta e
integradora**



**Axudar ás empresas a converterse
en líderes mundiais en produtos e
tecnoloxías limpos**

**Propoñer unha transición verde
para o noso benestar e o de
futuras xeracións**

Defender os dereitos humanos e a democracia e fomentar a participación cidadá

Principais prioridades para os mozos da UE



Conecto co medio

- Mira o vídeo. Que situación presenta?
- Cantos países forman a Unión Europea? Que país abandonou a UE recentemente?
- Poderías dicir que obxectivos presenta a Unión Europea e que valores propón?

Penso xeograficamente

- Explica algunhas vantaxes que achega a cidadanía da UE. Cales teñen un impacto máis directo na nosa vida cotiá?
- Que outras cousas pensas que podería ofrecerche a UE? Escolle dúas que sexan importantes para ti e xustifica a túa escolla.



1. Que é e que funcións ten o Estado?

O Estado está integrado por tres elementos...

O Estado é unha organización política e administrativa que goberna un **territorio** de forma independente e está integrado por tres elementos básicos:

- O **territorio** é o **espazo xeográfico** sobre o que o Estado exerce o seu poder. As fronteiras sepáranos doutros Estados e delimitan os **límites territoriais** onde exerce a súa soberanía e se aplican as súas leis e normas.

A fronteira non é un elemento exclusivamente terrestre. Os Estados tamén teñen autoridade sobre o subsolo, o seu espazo aéreo, o seu mar territorial e as representacións diplomáticas noutros países, onde rexen as leis do Estado titular da embaixada.

- A **poboación** que vive nun determinado Estado posúe o dereito de nacionalidade e constitúe a **ciudadanía**, que goza de capacidade política para intervir nos asuntos públicos. Esta cidadanía outorga o dereito de exercer funcións públicas e de participar na elección do Goberno e na toma de decisións, xeralmente a través das eleccións.
- A **soberanía** é a capacidade de tomar **decisións vinculantes** para esta poboación no marco do seu territorio, e constitúe a **autoridade exclusiva** que ten un Estado dentro das súas fronteiras.

Estado e Goberno son conceptos diferentes que non deben identificarse. O Goberno é un órgano que se encarga de administrar os poderes do Estado. É temporal, pois varía de orientación e de persoas periodicamente.

... e desempeña diferentes funcións

Como máxima autoridade dentro do territorio, o Estado debe exercer as seguintes funcións esenciais:

- Cubrir as **necesidades básicas** da poboación en ámbitos como a vivenda, alimentación, educación, sanidade, transporte e obras públicas.
- Regular as **relacións laborais** a través da aprobación de leis e mediante a posta en marcha de **políticas de emprego**.
- Dirixir a **política económica** co fin de favorecer o crecemento económico do país.
- Manter a **orde pública** dentro das súas fronteiras, garantir o **respeto da lei** e **defender o seu territorio** das posibles agresións exteriores.
- Participar na **esfera internacional** mediante a integración en diversos organismos e o establecemento de relacións con outros países. Esta tarefa desenvólvese a través do corpo diplomático, encargado de dirixir as embaixadas e consulados noutros territorios.


Existen os Estados frustrados?

Cando o Estado non é quen de cumprir as súas principais funcións califícase de Estado frustrado. Nestas circunstancias, as institucións son incompetentes para controlar o territorio, defender os seus cidadáns e prestar-lles os servizos básicos.

Este **baleiro de poder** pode ser aproveitado por grupos paramilitares, guerrillas e tramas de crime organizado para substituír o Estado nalgunhas ou na totalidade das súas funcións.



A inestabilidade política, económica e social fan de Somalia un exemplo de Estado frustrado.



A prestación de servizos sociais e a realización de obras públicas son dúas funcións fundamentais do Estado para satisfacer as necesidades do conxunto da poboación.

COMO SE ORGANIZA TERRITORIALMENTE O ESTADO?


Os Estados exercen a súa autoridade a través das institucións, que poden ter competencias en todo o territorio. Asemade, poden delegar determinadas funcións a órganos rexionais e locais.

O reparto das competencias entre os poderes central e rexional, así como a dependencia dunhas con respecto a outras, permite falar de dous tipos de Estados: centralizados e descentralizados.

Estados centralizados

Nos Estados centralizados, o goberno do territorio recae na **Administración central**. Ora ben, hai que diferenciar dous modelos:

- **Estados centralizados puros ou unitarios.** Tódalas competencias recaen sobre a Administración central, que as exerce de forma total e exclusiva. Existen moi poucos Estados con este modelo de organización. Un exemplo sería o Principado de Mónaco.
- **Estados centralizados con descentralización administrativa.** Tódalas competencias seguen en mans das institucións centrais, pero delegan parte delas a organismos locais e rexionais. Francia é un exemplo deste tipo de Estado.



Estados descentralizados

Nos Estados descentralizados, a Administración central mantén a súa autoridade en todo o territorio, pero os **poderes rexionais** contan con **competencias propias**.

As institucións rexionais non dependen directamente da Administración central. De feito, os seus gobernos e parlamentos son elixidos polos cidadáns e teñen capacidade lexislativa propia.

As entidades políticas, agrupadas en Estados Federais adoptan nomes diferentes: Estados (nos EUA, India ou Brasil), *Länder* en Alemaña etc.

Observe

1. Que tres elementos constitúen o Estado? Explica en que consiste cada un deles.

2. Indica as diferenzas entre Estado e Goberno. Logo, xustifica se en cada frase os termos Estado e Goberno están correctamente empregados:

- O Estado de España reuniuse cos seus homólogos europeos.
- O Goberno de Alemaña ten unha estrutura descentralizada.
- Os cidadáns deben contribuír aos gastos do Goberno cos seus impostos

3. Hai algún territorio onde un Estado estranxeiro sexa soberano dentro doutro Estado? Por que?

Organiza a información

4. Sinala cales son as principais diferenzas entre os seguintes modelos de organización territorial: Estado centralizado puro, Estado centralizado con descentralización administrativa e Estado descentralizado.

5. Pon exemplos de Estados centralizados e descentralizados. Cres que o tamaño do Estado inflúe na súa forma de organización? Razona a túa resposta.

2. Como se gobernan os Estados?


Nas últimas décadas, os sistemas de goberno democráticos expandíronse notablemente a escala mundial, aínda que paralelamente se percibe un certo devala na calidade das democracias.

Algunhas das novas democracias son fráxiles e débiles, pois presentan trazos autoritarios que as inclúen no modelo de democracias híbridas.

As democracias máis antigas e consolidadas pretenden garantir un desenvolvemento económico e social equitativo e sustentable. Porén, deben facerlles fronte a novas forzas políticas con trazos populistas e autoritarios, cuxa influencia aumentou nos últimos anos.

► Tensións socioeconómicas e políticas na África subsahariana

O incremento das democracias



- O poder exerceo un grupo de persoas elixidas por tódolos cidadáns.
- Existencia de eleccións e de partidos políticos.
- Liberdade de expresión.
- Dereitos fundamentais para tódalas persoas.

RÉXIMES DEMOCRÁTICOS

As condicións básicas para considerar democrático un Estado son o dereito dos cidadáns para **presentarse ás eleccións** e o **dereito a votar** libremente nelas. Ademais, deben garantirse os resultados electorais.

A lei básica dos países democráticos é a **Constitución**. É habitual que este texto conteña os dereitos e deberes da cidadanía.

Outra característica básica das democracias é a **separación de poderes**:

- O **poder lexislativo** recae no Parlamento, que se encarga de aprobar as leis e controlar o Goberno.
- O **poder executivo** goberna o país a través dos ministerios ou departamentos. Encárgase de aplicar as leis e dirixir a administración do Estado.
- O **poder xudicial** (xuices e tribunais), vela polo cumprimento das leis.

Dependendo de quen ocupa a xefatura do Estado, distínguese entre **monarquías** (un rei por herdanza) e **repúblicas** (un presidente da república electo).

RÉXIMES NON DEMOCRÁTICOS: DITADURAS

Nos réximes non democráticos non existen mecanismos nin institucións que garantan a participación da meirande parte dos cidadáns no goberno do país. Este recae sobre unha **persoa ou un grupo de persoas** que concentran tódolos poderes.

Outra característica é a represión das ideoloxías opostas ao poder. Non existe o pluralismo político nin a alternancia de poder mediante a celebración de eleccións. Tampouco se recoñecen os dereitos dos cidadáns, que carecen de institucións que os defendan ante os abusos de poder.


Nestes réximes **non existe unha Constitución**, e as leis e normas sonlle impostas á poboación en función dos intereses políticos das elites que ocupan o poder.

Segundo quen ocupa o poder, os réximes non democráticos poden ser: militares, de partido único ou personalistas.

- O poder exerceo unha soa persoa que se impón pola forza.
- Non hai Constitución nin separación de poderes.
- Ausencia de eleccións e de partidos políticos.
- Arbitrariedade na aplicación da lei.
- Non se lles recoñecen dereitos aos cidadáns.

Actualmente, o 44,9% dos países son democráticos, aínda que en certos casos non se-xan democracias plenas, e o 21% son réximes híbridos. Máis de 4000 millóns de persoas viven baixo algunha forma de democracia.

Os réximes non democráticos agrupan o 34,1% dos países e máis de 3000 millóns da poboación mundial.




democracias plenas réximes híbridos réximes autoritarios áreas excluídas

RÉXIMES HÍBRIDOS

Hogano, moitos dos réximes políticos do mundo **comparten elementos** tanto da **democracia** como do **autoritarismo**.

Os réximes chamados híbridos (ou falsas democracias) son réximes políticos que se consideran democráticos, pero non cumpren un ou varios dos requisitos básicos de toda democracia: pluralidade de partidos, respecto aos dereitos humanos, transparencia electoral, liberdade de expresión e separación de poderes. Ademais, a Constitución manipúlase segundo os intereses do poder.

Xa que logo, non existe unha verdadeira competencia entre forzas políticas e, acotío, as afíns ao réxime vense favorecidas nos procesos electorais para poderense manter e perpetuar no poder.



- Mantéñense formalmente os principios democráticos.
- Hai escasa transparencia electoral.
- Pouca transparencia electoral.
- Non se respectan os dereitos cidadáns.
- Recórtase a liberdade de prensa.
- Vulnéranse os dereitos humanos.

Observe e analizo

6. Explica en que consisten os tres réximes políticos que amosa o mapa e sinala as súas diferenzas.
7. Observa o mapa dos réximes políticos:
 - En que zonas do mundo predomina cada un?
 - Pon cinco exemplos de países de cada réxime político.

Reflexiono

8. Por que cres que existen réximes híbridos ou falsas democracias no mundo?

Penso criticamente



9. O dereito ao voto é a base da democracia. Mais hai discrepancias respecto a que idade debe outorgarse ese dereito. Algunhas persoas defenden que aos 16 anos, mentres que outras aconsellan os 25 anos pola maior madurez do votante.
 - Divide a clase en dous grupos. Cada grupo deberá buscar argumentos a favor de cada unha das posicións.
 - Despois, debatede na aula e valorade que posición ten máis partidarios.



3. Como funciona o Estado español?

A actual Constitución española, aprobada no 1978, define España como un Estado social, democrático e de dereito, e contempla unha organización territorial de carácter descentralizado.

España é unha democracia...

A Constitución establece que España é unha **monarquía parlamentaria** na que o **Rei** é a máxima autoridade do Estado, pero o poder reside no **pobo**, que o exerce a partir dos seus representantes, electos por sufraxio universal.

A Constitución tamén regula o funcionamento do Estado e das súas institucións, establecidas segundo a división de poderes:

- As **Cortes Xerais**, elixidas a través do sufraxio, son depositarias da soberanía nacional e desempeñan un papel central no sistema político.
- O **Goberno** é nomeado polo Presidente do Goberno, que, á súa vez, é elixido polo Congreso dos Deputados. A súa función é dirixir a política nacional e internacional, propoñer proxectos de lei ás Cortes e elaborar os Orzamentos Xerais do Estado.
- Os **tribunais de xustiza** encárganse de garantir o cumprimento da lei por parte das institucións e dos cidadáns. Os tribunais deben realizar as súas funcións con independencia e imparcialidade.

... cunha organización territorial descentralizada...

A Constitución tamén define España como un **Estado descentralizado**, que divide o territorio en Comunidades e Cidades Autónomas, provincias e municipios.

En España hai **17 Comunidades Autónomas** e dúas **Cidades Autónomas** (Ceuta e Melilla). As súas institucións de goberno, así como as competencias, quedan recollidas no seu **Estatuto de Autonomía**.

Por baixo do nivel autonómico, sitúanse as provincias, que están administradas polas Deputacións Provinciais. Os territorios insulares teñen organismos propios: os consellos en Baleares e os cabidos en Canarias. España conta cun total de 50 provincias, que, á súa vez, agrupan máis de 8 000 municipios. Este último nivel da organización territorial é gobernado polos Concellos.

... e un sistema fiscal progresivo

A meirande parte dos ingresos necesarios para manter a estrutura administrativa do Estado e os servizos que lles presta aos cidadáns proveñen dos **impostos**.

Os impostos poden ser **directos**, segundo o salario ou os beneficios obtidos polas persoas e as empresas, e **indirectos**, que son os relacionados co consumo, como o IVE. En España, máis da metade dos ingresos proceden dos impostos directos.

O sistema fiscal español é progresivo, é dicir, canta máis capacidade económica teña unha persoa, máis tributos pagará de forma progresiva.

Os cidadáns non só pagan impostos á Administración Central, senón que tamén o fan ás Comunidades Autónomas e Concellos.



As eleccións son a chave da democracia porque expresan a vontade dos cidadáns e cidadás. Deben ser libres, periódicas e transparentes.

Observo e comprendo

10. Que significa o termo *división de poderes*? Como se concreta no caso español?
11. Como se organiza territorialmente o Estado español? Que é o Estatuto de Autonomía? Cales son as institucións autonómicas?

Razoo



12. Coidas que a finalidade dun sistema fiscal progresivo é lograr unha mellor distribución da riqueza? Xustifica a túa resposta.

Contrasto fontes

13. Consulta a páxina web do teu Concello e infórmate sobre as seguintes cuestións:
 - O número de concelleiros e a súa distribución por partidos ou agrupacións políticas. O nome e a filiación política do alcalde ou alcaldesa.
 - As competencias que ten o Concello e os servizos que ofrece aos cidadáns.
- 
 Consulta as ordenanzas municipais e toma nota das relacionadas co civismo cidadán. Parécenche apropiadas? Engadirías ou tirarías algunha? Por que?

COMO SE ORGANIZA O ESTADO?

Legislativo: crea leis
 Executivo: → executa = Goberno
 Xudicial: Os que xuzgan, tribunais de xustiza

ESTADO

ORGANIZACIÓN TERRITORIAL




- 17 Comunidades Autónomas
- 2 Cidades Autónomas

Competencias exclusivas do Estado

- Relacións internacionais e defensa
- Administración de xustiza
- Sistema monetario e facenda

ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL



CONSTITUCIÓN DE 1978

A Constitución organiza os poderes do Estado.

Xefatura do Estado: a Coroa

- O Rei é o xefe do Estado.
- Actúa como árbitro e moderador das institucións.
- Representa o Estado nas relacións internacionais.
- Ocupa a xefatura superior do exército.

Poder legislativo: Cortes Xerais ou Parlamento

- Formado por dúas cámaras: Congreso dos Deputados e Senado. Deputados e senadores son elixidos por sufraxio universal.
- Funcións: elaborar e aprobar as leis e aprobar os orzamentos.

Poder executivo: Goberno

- Formado por: o presidente, os vicepresidentes e os ministros.
- Funcións: dirixir a administración do Estado e a política interior e exterior.

Poder xudicial: Consello Xeral do Poder Xudicial

- Formado por: xuíces e maxistrados.
- Funcións: garantir o cumprimento da lei polos cidadáns e as institucións.

COMUNIDADES AUTÓNOMAS

ORGANIZACIÓN TERRITORIAL



- As Comunidades Autónomas poden estar formadas por varias provincias ou ser uniprovinciais.

ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL



ESTATUTO DE AUTONOMÍA

O Estatuto establece as competencias específicas de cada Comunidade.

Poder legislativo: Asemblea ou Parlamento


- Formado por: os deputados, elixidos por sufraxio universal.
- Funcións: aprobar as leis autonómicas e mailos presupostos, ademais de controlar a acción do Goberno autónomo.

Poder executivo: Goberno ou Consello

- Formado por: o presidente e os seus conselleiros.
- Funcións: executar e facer cumprir as leis

PROVINCIAS E MUNICIPIOS

ORGANIZACIÓN TERRITORIAL



- As provincias fórmanas os municipios. Estes son as unidades máis elementais do Estado.

ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL



Provincias e municipios forman a administración local.

Deputación Provincial

- Formada por: os deputados provinciais e o presidente da Deputación.
- Funcións: cooperar cos municipios e coordinar as actuacións supramunicipais.

Concello

- Formado por: o alcalde e os concelleiros.
- Funcións: solucionar os problemas e satisfacer as necesidades da cidadanía (benestar social, educación, seguridade, urbanismo...).

4. Que obxectivos persegue a Unión Europea?



Unha organización supranacional...

A Unión Europea ou UE é unha organización de carácter **supranacional**, formada por 27 países europeos cun proxecto económico e político común, na cal os países membros lle ceden á UE parte da súa soberanía.

Esta cesión está limitada ás materias recollidas nos diferentes tratados que foron aprobados polos países membros: Roma (1957), Maastricht (1992), Schengen (1995) e Lisboa (2009). Nelles, defínense os obxectivos, as normas e o funcionamento das diferentes institucións comunitarias.

Nestas institucións están representados os distintos Estados membros co obxectivo de promover de maneira solidaria o interese xeral da Unión Europea. Ademais, os Estados que a integran tamén contan con órganos de representación para defender os seus intereses nacionais.

... con obxectivos comúns...

O obxectivo principal da Unión Europea é promover a paz e o benestar dos seus pobos, e crear unha Europa de cidadáns con dereitos comúns. Este obxectivo xeral concrétese nunha serie de obxectivos específicos:

- Impulsar un **progreso económico e social** equilibrado e respectuoso co medio ambiente, mediante o establecemento dun espazo de libre circulación ou mercado único, a moeda única (euro) e as políticas específicas dos diversos sectores económicos.
- Establecer **leis e normas** que promovan o **progreso científico e técnico** e a **loita contra a desigualdade social**.
- Desenvolver unha **política internacional** que fomente a solución de problemas internacionais e destine **axudas humanitarias** a países extracomunitarios para fomentar a súa prosperidade.
- Implantar unha **ciudadanía europea** que recoñeza os dereitos e deberes de tódolos cidadáns da UE e permita avanzar cara á unión política dos Estados.
- Desenvolver un **espazo de liberdade, seguridade e xustiza** para tódolos cidadáns e cidadás da Unión Europea.

... que garante os dereitos dos seus cidadáns

Os habitantes da UE gozan da **ciudadanía europea**, que non substitúe á nacional, senón que a complementa.

Esta cidadanía outorga o dereito á libre circulación no territorio dos Estados membros e a poder traballar e estudar libremente en calquera país. Tamén facilita poder recibir atención médica en calquera país, grazas á tarxeta sanitaria europea.

Asemade, outorga o dereito a votar nas eleccións ao Parlamento Europeo e nas municipais do Estado membro no que se reside, e o dereito de petición ante o Parlamento Europeo e ante o Defensor do Pobo da Unión Europea. Finalmente, a cidadanía garante o cumprimento dos dereitos humanos recollidos na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.


Como se financia a UE?

Os ingresos da Unión Europea proceden de tres grandes fontes:

- As **achegas dos Estados membros**, que son proporcionais ao nivel de riqueza do país.
- Os **dereitos de importación** que cobra aos produtos procedentes de países non membros.
- Unha **porcentaxe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)**, recadado por cada país membro.

España é o cuarto país que máis achega, por detrás de Alemaña, Francia e Italia.

En que inviste os cartos a UE?



A saída do Reino Unido da UE



BREXIT

Dende a súa fundación, a Unión Europea non deixou de medrar ata chegar a acadar os 28 Estados membros.

No 2016, sucedeu un feito insólito: un Estado membro, o Reino Unido, pediu abandonar a Unión Europea, solicitude que se fixo efectiva en xaneiro do 2020. O chamado Brexit abriu grandes incógnitas respecto a onde levará este novo escenario europeo.

COMO FUNCIONA A UNIÓN EUROPEA?

As institucións da Unión Europea son as responsables do funcionamento da UE e da toma de decisións, que implican a tódolos Estados membros. Estas institucións están repartidas en varias cidades dos países membros: Bruxelas, Estrasburgo, Frankfurt e Luxemburgo.

Tres institucións principais participan na elaboración da lexislación da Unión Europea:

- O **Parlamento Europeo**, que representa os cidadáns da UE e é elixido directamente por eles.
- O **Consello da Unión Europea**, que representa os gobernos de cada un dos Estados membros.
- A **Comisión Europea**, que representa os intereses da Unión Europea no seu conxunto.

Estas institucións elaboran as políticas e leis que se aplican en toda a UE: a Comisión propón novas leis e o Parlamento e o Consello adóptanas. A continuación, a Comisión e os Estados membros aplican esta lexislación e a Comisión vela porque as leis se cumpran correctamente.


As cinco mulleres máis influentes da UE nos últimos anos



Ursula von der Leyen foi a primeira muller en presidir a Comisión Europea. A burbulla de Bruxelas, tradicionalmente ocupada por homes, pouco a pouco abre as súas portas a rostros femininos. Antes da alemá, outras mulleres foron veteranas en dirixir a alta esfera comunitaria. A pioneira foi a francesa Simone Veil, primeira presidenta da Eurocámara, pero nos últimos anos outras líderes como Merkel, Mogherini e Vestager fixeron un oco entre as persoas máis influentes da UE.

Ana GARCÍA VALDIVIA: *As cinco mulleres máis influentes da UE nos últimos anos.*
aqueuropa.com, 2019.

Institucións da Unión Europea



Parlamento Europeo.



Consello da Unión Europea.



Comisión Europea.

Observo e comprendo

14. Que é a Unión Europea? Cales son os seus obxectivos? Elixo os dous que che parezan máis importantes e explica por que.
15. Como se financia a Unión Europea? Que sectores reciben unha maior porcentaxe do seu orzamento?

Comparo

16. Cales son as principais institucións da UE? Señala as diferenzas entre a Comisión Europea, o Consello da UE e o Parlamento Europeo.

Penso criticamente



17. A saída do Reino Unido da UE trouxo consigo un amplo debate cidadán:
 - Busca novas na prensa dos argumentos que se esgrimiron para defender a permanencia ou a saída do Reino Unido.
 - En parellas, un dos integrantes debe defender con cinco argumentos a permanencia, e o outro, o Brexit. Debatede entre vós durante cinco minutos.
 - Que posición te convenceu máis? Por que?

5. Que son as relacións internacionais?

Os Estados relaciónanse...

Os países forman a chamada sociedade internacional. Nela, os Estados e as organizacións de Estados interactúan, e os vínculos que establecen entre eles coñécense como **relacións internacionais**.

Os Estados adoitan relacionarse de forma pacífica, creando contactos de diferente natureza:

- **Comerciais**, que permiten abastecer mellor os mercados e xerar novos beneficios económicos.
- **Sociais**, entre os que destacan os movementos de poboación, ora estean relacionados coas migracións ora sexan de curta duración, como é o caso da actividade turística.
- **Culturais**, como as colaboracións entre universidades, museos e centros de investigación.

Nas relacións entre Estados son de grande importancia as **embaixadas** e as distintas delegacións diplomáticas entre países.

... mediante diferentes organizacións...

As relacións entre Estados desenvólvense mediante acordos que afectan só a dous países, as chamadas **relacións bilaterais**, e tamén mediante a creación de **organizacións internacionais**, que abranguen diversos membros. O seu obxectivo é fomentar a colaboración entre Estados para solucionar problemas comúns, evitar que xurdan novos conflitos e establecer programas de actuación conxunta.

Os distintos países tamén adoitan asinar **tratados** ou **convenios internacionais** a través dos cales se comprometen a realizar determinadas actuacións ou a evitar outras. Tamén se comprometen a respectar determinados dereitos universais ou de colectivos particulares mediante as **Declaracións Internacionais de Dereitos**.

Os Estados delegan determinadas funcións nas organizacións supranacionais ou internacionais, que poden clasificarse seguindo diferentes criterios:

- **Segundo o seu ámbito territorial**. Existen organismos abertos a tódolos países do mundo, como a Organización das Nacións Unidas (ONU), pero tamén hai outros limitados a unha rexión, como a Unión Europea (UE) ou a Asociación de Nacións do Sueste Asiático (ASEAN).
- **Segundo os seus obxectivos**. Do mesmo xeito que a ONU aborda cuestións moi diversas, outras organizacións internacionais céntranse só nun aspecto, como é o caso de Mercosur, para o ámbito económico, e da OTAN, para a defensa e seguridade.

Que funcións teñen as embaixadas españolas?

1		Representar España
2		Protexer os intereses de España
3		Protección e asistencia consular aos cidadans españois
4		Negociar co goberno do Estado estranxeiro
5		Informar sobre a actualidade política do país no que se atopa a embaixada
6		Fomentar as relacións económicas e comerciais bilaterais
7		Fomentar as relacións culturais e científicas bilaterais

Fonte: Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.



España asinou a práctica totalidade dos tratados, convenios e declaracións mundiais.

... entre as que destaca a Organización das Nacións Unidas (ONU)

No 1945, pouco tempo após o final da Segunda Guerra Mundial, fundouse a **Organización das Nacións Unidas (ONU)**. Dende a súa orixe, tivo como obxectivos fundamentais preservar a **paz mundial** e defender os **dereitos humanos**.

Os seus obxectivos e o seu carácter universal, xa que conta con 193 Estados membros, converteron a ONU no principal **foro de mediación e cooperación internacional** entre países.

A Organización das Nacións Unidas conta tamén cunha serie de organismos especializados denominados **programas, fondos e axencias especializadas**. Estas entidades están vencelladas á ONU, pero conservan a súa independencia, que se manifesta a través dunha normativa e orzamentos propios.

Que son as ONG?

Unha ONG (Organización Non Governamental) é unha entidade pública de carácter internacional con fins humanitarios e sociais, que non depende dos gobernos dos Estados.

Principais ONG do mundo

	Orzamento (*) : 2311 millóns de € Finalidade : Accións humanitarias (****) Ámbito territorial : Mundial (máis de 100 países)
	Orzamento (**) : 2005 millóns de € Finalidade : Protección da infancia Ámbito territorial : Mundial (arredor de 122 países)
	Orzamento (*) : 1598 millóns de € Finalidade : Accións humanitarias (****) Ámbito territorial : Mundial (máis de 70 países)
	Orzamento (***) : 360 millóns de € Finalidade : Protección da natureza e do medio ambiente Ámbito territorial : Mundial (arredor de 55 países)
	Orzamento (*) : 347 millóns de € Finalidade : Protección da natureza e do medio ambiente Ámbito territorial : Mundial (arredor de 100 países)

(*) Datos de 2020 (**) Datos de 2018 (***) 2017
(****) Prevención ou actuacións directas ante conflitos bélicos, fames ou catástrofes naturais

Organización das Nacións Unidas

Organizacións vencelladas

			
UNESCO Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura	FAO Organización das Nacións Unidas para a Alimentación, e a Agricultura	UNICEF Fondo das Nacións Unidas para a Infancia	OMS Organización Mundial da Saúde

Institucións



Obxectivos



Comprendo

- A partir da infografía que recolle as funcións dunha embaixada, selecciona as dúas que máis influen nas relacións con outros países. Despois, explica os motivos que te levaron a escollelas.
- Clasifica as organizacións internacionais e pon un exemplo de cada unha delas.
- Cal dos principais obxectivos da ONU garda relación co momento da súa fundación? Como funciona esta institución? Que organismos están vencellados a ela e cales son os seus cometidos?

Contribúo á cultura mundial



- Xuntádevos en grupos de catro. Pensade un tema humanitario da vosa contorna que requira de axuda social. Propoñede a posibilidade de crear unha ONG que axude a solucionar o problema:
 - Decidide o seu nome, a súa finalidade e a súa organización, e creade un logo que a represente.
 - Pensade quen serían os seus membros e cooperantes, e que actuacións desenvolverían.
 - Como se financiaría a organización?

Aprendo a aprender. Análizo unha páxina web institucional

A UNESCO é unha axencia especializada das Nacións Unidas que fomenta a cooperación internacional nos asuntos relacionados cos eidos da cultura, da educación e da ciencia.

A seguir, propoñémosche que realices unha análise da súa páxina web seguindo un guión pensado para sitios web ou portais de institucións.

Mentres o fas, debes ter en conta a importancia da Internet como vía de comunicación e como ferramenta para obter información.

Por este motivo, na túa tarefa deberás facer especial fincapé en como transmite a UNESCO a súa mensaxe, pois iso permitiranos saber se cumpre o seu obxectivo na rede.



22. Realiza a análise da páxina web da Unesco a partir destas pautas:

Identificación dos conceptos

- Que é e cales son os obxectivos que persegue ese organismo.
- Cales son os seus órganos de goberno e a súa estrutura organizativa.
- Como se financia e se distribúen os cartos que recada.
- Proxectos que desenvolve ou nos que colabora.
- Documentos de interese e últimas novas.
- Cal é a información de contacto e redes sociais.

Análise da estrutura da páxina web

- Consideras que resulta sinxelo atopar a información básica no sitio web da UNESCO?

- Hai algún dos elementos de toda páxina web institucional que che fosen complicados de atopar?
- Escolle un proxecto no cal participe a Unesco. Explica en que consiste e por que che interesa.
- En que apartado da páxina web buscarías as oficinas da UNESCO?
- Onde buscarías a información destinada aos xornalistas?

Conclusión

- Redacta un resumo cos aspectos máis significativos da páxina web da UNESCO.

RESOLVO O RETO!

Como podemos axudar á UE a cumprir os seus obxectivos?

Xeramos ideas e compartímolas

23. Aprendemos que é a Unión Europea, cal é o seu funcionamento e como afecta os Estados membros. Tamén se mencionaron os seus principais obxectivos. Lembras algún deles? Se non lembras, volve consultar este tema e revísaos.
24. Organízade a clase en grupos de tres persoas. Unha vez feito isto, visitade a ligazón que leva á páxina web desta institución e, da listaxe de obxectivos da Unión Europea, escollede un. É importante que vos asegurades de que o obxectivo seleccionado non o escolleu ningún outro grupo.

Investigamos e elaboramos

25. A partir do obxectivo seleccionado, asegurádevos que entendedes ben o que este pretende, pensade como se podería acadar tal obxectivo. Para iso, copiade un cadro semellante a este nunha folia á parte e completádeo cos datos que se indican:

Nome do obxectivo	Medidas que poden tomar as autoridades europeas para cumprilo	Accións que podemos realizar a cidadanía para axudar a que se cumpra

26. Imaxinade que un membro do grupo é xornalista, outro representa a cidadanía e o terceiro é unha persoa que traballa na Unión Europea coordinando as actividades e políticas que teñen que ver co obxectivo seleccionado.

Cos datos do cadro, elaborade o guión dunha entrevista onde o xornalista entrevista o traballador da Unión Europea. O texto debe ter unha presentación e unha despedida, a cargo do xornalista, e unha serie de preguntas relacionadas co cumprimento do obxectivo seleccionado.

27. Á hora de elaborar o guión, podedes intercalar as preguntas a un e outro personaxe ou realizarlle primeiro a entrevista ao cidadán e despois ao traballador da Unión Europea.

Comunicamos os resultados e debatemos

28. Cando acabades o guión, grave un audio breve onde un de vós faga o labor de xornalista e os outros dous sexan entrevistados. Tamén podedes engadir unha música inicial e poñerlle un nome ao programa. Asegurádevos de que se abordan tódalas cuestións relevantes e que a súa duración é maior dun minuto e menor de tres.
29. Unha vez gravados tódolos audios, escoitádeos na clase para que todo o alumnado coñeza os datos máis relevantes de cada obxectivo. A partir de aí, pode desenvolverse un debate na aula onde os outros compañeiros poidan achegar novas ideas que axuden a cumprir os distintos obxectivos.



Recursos guía

Obxectivos e valores da UE

tiching.com/785491



Resumo o esencial

O Estado e as súas funcións

- O Estado é unha organización política e administrativa que goberna un territorio. Intégrano tres elementos: o territorio, a poboación e a soberanía.
- O territorio é o espazo xeográfico sobre o que o Estado exerce o seu poder; a poboación constitúe a cidadanía e a soberanía é a autoridade exclusiva que ten un Estado dentro das súas fronteiras.
- O Estado cobre as necesidades básicas da poboación, dirixe a política económica, mantén a orde pública e participa no eido internacional.

O goberno dos Estados

- Os Estados gobérganse mediante réximes democráticos, non democráticos e réximes híbridos.
- Un Estado é democrático cando os seus cidadáns votan libremente nas eleccións, e é unha ditadura cando todo o poder recae nunha persoa ou grupo concreto.
- Os réximes híbridos comparten elementos das democracias e dos réximes autoritarios.

O funcionamento do Estado español

- A Constitución establece que España é unha monarquía parlamentaria. O poder reside no pobo, que o

exerce a través dos seus representantes escollidos por sufraxio universal.

- A Constitución tamén regula as institucións do Estado, establecidas segundo a división de poderes: Cortes Xerais, Goberno e tribunais de xustiza.
- España é un Estado descentralizado, que se divide en Comunidades e Cidades Autónomas, provincias e municipios.

Os obxectivos da Unión Europea

- A Unión Europea é unha organización supranacional formada por 27 estados. O Parlamento Europeo representa a tódolos cidadáns da UE e é escollido directamente por eles.
- Algúns obxectivos da Unión Europea son: impulsar un progreso económico e social equilibrado, desenvolver unha política internacional propia e implantar unha cidadanía europea.


Os Estados relaciónanse

- Os vínculos que establecen os Estados entre si denomínanse relacións internacionais. Estas relacións desenvólvense con frecuencia mediante organizacións internacionais, como a ONU, ASEAN e a OTAN.

Mapa conceptual

30. Copia e completa no teu caderno este mapa conceptual:

Estado



Comprobo os meus saberes

Sintetizo

31. Responde as preguntas:
- a. Cales son as principais funcións que realiza o Estado?
 - b. Que é un Estado democrático?
 - c. Que características ten un Estado frustrado?
 - d. Cales son os principais obxectivos da Unión Europea?

Defino conceptos


32. Explica estes conceptos:
- Estado
 - Concello
 - Estatuto autonómico
 - cidadanía
 - supranacional
 - soberanía
 - provincia
 - IVE
 - embaixada

Relaciono conceptos

33. Explica o vínculo que existe entre:
- organización territorial descentralizada / Comunidade autónoma
 - eleccións / democracia
 - Brexit / Unión Europea
 - relacións internacionais / embaixadas

Explico o esquema

34. Explica as formas de organización territorial dun Estado:



Identifico institucións

35. Le estas características e identifica con que institución do Estado español están relacionadas:
- Organízase en dúas cámara, o Congreso dos Deputados e o Senado.
 - É a máxima autoridade do Estado.
 - Elabora e aproba as leis.
 - É elixido polo Congreso dos Deputados.
 - Elabora os orzamentos do Estado e é o encargado de dirixir a administración do Estado e a política nacional e internacional.
 - Garante o cumprimento da lei polos cidadáns e as institucións.



Senado español.

Completo un cadro-resumo

36. Copia e completa no teu caderno o cadro-resumo sobre as características dos réximes políticos:

Réxime político	Principal característica	Ocupa o poder	Lei básica	Liberdades e dereitos

Por que houbo un asalto ao Capitolio dos EUA?

Ás 14:26 horas do día 6 de xaneiro do 2021 foi interrompida a certificación do resultado das eleccións presidenciais polo Congreso dos Estados Unidos.


Centos de manifestantes partidarios de Donald Trump entraron de xeito violento no Capitolio e

obrigaron aos congresistas que se atopaban na sala a poñerse a salvo.

Durante varias horas, a vitoria electoral de Biden quedou suspendida e, o que é peor, o funcionamento democrático, gravemente alterado. Que ocorreu e por que motivos?

Como son as eleccións presidenciais nos EUA?

1 O SISTEMA POLÍTICO ESTADOUNIDENSE



2 PROCESO DE ELECCIÓN PRESIDENCIAL

- As eleccións son a primeiros de novembro, cada 4 anos. Cada Estado escolle a listaxe de electores do candidato máis votado.
- En decembro, reúnese o Colexio Electoral e elixe presidente ao candidato con máis electores.
- A primeiros de xaneiro, o Congreso certifica a votación dos electores.
- O 20 de xaneiro, o presidente electo xura o seu cargo e inaugura a súa presidencia.

Páxina web www.usa.gov (adaptación).

37. Escribe no teu caderno estas frases e indica se son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- Os cidadáns e cidadás votan os electores e estes votan o presidente.
- O presidente escólleo o Congreso.
- O poder xudicial non intervéñen na elección do presidente do país.
- O Congreso lexitima a votación dos electores.

Por que Donald Trump rexeitou as eleccións do 2020?

3 UNHAS ELECCIÓNS DENUNCIADAS POR FRAUDE

- Varios Estados facilitaron o voto por correo para limitar posibles contaxios por COVID-19 o día das votacións.
- Donald Trump acusou aos demócratas de querer amañar as eleccións falsificando ou alterando os votos por correo.
- O 3 de novembro, Trump perdeu as eleccións, pero declarou-se vencedor e denunciou o fraude do voto por correo.
- As súas demandas foron desestimadas polos xuíces, pero Trump e os seus partidarios incitaron protestas e accións violentas contra a vitoria de Biden.
- O 14 de decembro, o Colexio de Electores deulle a vitoria a Biden (306 votos fronte aos 232 a Trump).
- Trump e os seus partidarios máis radicais convocaron, o 6 de xaneiro, unha protesta no Capitolio, onde o Congreso debía certificar a elección presidencial.

Entrada publicada na Encyclopedia Britannica (adaptación).

4 Trump publicou en Twitter o 18 de decembro do 2020:

"Peter Navarro* publicou un informe de 36 páxinas onde alega que houbo fraude 'máis ca suficiente' para darlle a vitoria a Trump: [washex.am/3nwaBCe](https://www.washex.am/3nwaBCe). Un grande informe de Peter. Estatisticamente imposible que perdese as eleccións do 2020. Gran protesta en D. C. (Washington) o 6 de xaneiro. Estade alí, será salvaxe".

*O economista P. Navarro foi un alto cargo e asesor do presidente Trump.